



ANPA Arce do IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

anpaneiravilas@gmail.com

ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Convócanse a todas as familias socias e invítanse a todas as familias non socias a unha asemblea xeral ordinaria da Asociación de nais e pais do IESP Xosé Neira Vilas na data: xoves 14 de decembro de 2023, ás 18:30 en primeira convocatoria e ás 19:00 en segunda convocatoria.

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria as 19:00 horas coa asistencia de 9 persoas.

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta anterior por unanimidade.

2. Aprobación das contas do curso 2022-23.

Apróbanse por unanimidade as contas do curso 2022-2023.

3. Aprobación do orzamento do curso 2023-2024.

Apróbbase o orzamento do curso 2023-2024 por unanimidade.

4. Información sobre as actividades da ANPA e extraescolares dos xoves.

a. Obradoiro de técnicas de estudo para os grupos de primeiro a terceiro de la eso:

O obradoiro de técnicas de estudo e o seu material foi sufragado polo ANPA, levouse a cabo maioritariamente en horario das titorías, se informa dos puntos traballados no obradoiro así como o material entregado.

b. Talleres de xestión emocional.

Infórmase que se levaron a cabo no curso 22-23 nas aulas de segundo da ESO, e que este curso 23-24 realízanse en terceiro da ESO por decisión conxunta do departamento de orientación e a empresa que as realiza. Os talleres son impartidos por Sara Vierna (Alma Meraki) obtendo moi bos resultados, sendo valorado positivamente tanto polo centro como polos propios alumnos participantes. Coméntase que a idea inicial era podelos ofertar en máis cursos pero que polas limitacións económicas houbo que reduci-lo a un único curso

c. Actividades extraescolares dos xoves.

Infórmase de que este curso tratouse de ampliar a oferta incluíndo actividades como: English club, Linguaxe de signos, Defensa persoal, Robótica e Xadrez, que de todas elas a única que se pode levar a cabo é a de English Club non alcanzando en ningunha das outras un número mínimo de participantes para podelas realizar, atopando unha falta de resposta positiva por parte das familias

d. Outras actividades.

O curso 22-23 valorouse a posibilidade da realización da actividade de limpeza de praias ofertándolla ao instituto, por motivos de organización non se puido levar a cabo, así mesmo se ofreceu axuda para a festa de fin de curso non sendo posible polos mesmos motivos, queda pendente de estudo para este curso.

Ofreceuse ao centro a realización de talleres de curta duración coas diversas actividades que non saíron adiante como extraescolares para os xoves, o centro mostrou interese nos talleres de defensa persoal nos cales se está traballando.

5. Información sobre o funcionamento do Banco de libros de texto.

No banco de libros cóntase cada vez con menos unidades debido a dixitalización dos contidos e material dos cursos, aínda así cubríronse todas as peticións con polo menos un manual agás una. Lembrese que un dos criterios para o préstamos é a prioridade dos socios fronte aos non socios.

A posibilidade de seguir levando a cabo este préstamo e de que haxa fondo suficiente depende da doazón de libros das familias cara o curso que ven.

6. Información sobre o apoio económico ás diferentes saídas propostas polo instituto e medidas a acordar.

No curso 22-23 o ANPA aportou unha pequena axuda económica a aqueles membros da mesma que fixeron algunha saída das propostas polo centro que incluían pasar varios días fora.

Debátase sobre dar ou non este tipo de axuda ou si sería mellor utilizar estes fondos para poder realizar outras actividades. Considérase que en función do diñeiro que teña o ANPA nese momento poderáse ou non dar esta axuda, sendo cada vez máis difícil.

7. Presentación da Memoria de xestión anual do curso 2022-23. Atópase na páxina web do centro a disposición das familias.

Coméntase o contido da memoria anual.

8. Renovación da xunta directiva:

Preséntase a relación dos cargos para a nova directiva aprobados na reunión por unanimidade:

- Presidenta: Luisa Domínguez Sierra.
- Tesoureira: Sonia Vázquez Álvarez.
- Secretaria: Lucía Seoane López.
- Vogais:
 - o Sonia Gandoy Blanco.
 - o Manuel Muñiz Mallo.
 - o Ana Belén Nogueira Álvarez.
 - o Carmen Navarro Casero.

Cesan Enma María Seoane Uzal y Antonio Maceiras Suárez como vogais.

9. Preguntas e suxestións.

Pídese a colaboración das familias para facer chegar ao ANPA aquelas actividades nas que poderían estar interesados.

Coméntase cos pais e nais que o anpa tivo unha reunión coa dirección do centro ofrecendo a nosa colaboración para levar a cabo diversas actividades e ofrecéndonos eles tamén a súa colaboración por exemplo facéndose cargo das fotocopias necesarias para a impartición dos talleres de técnicas de estudo.

Levántase a sesión sendo as 20:15

En Perillo, a 14 de decembro de 2023



A secretaria

A presidenta